



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

© 2019, Gloria Sánchez

© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-24-2

Depósito legal: M-7340-2019

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: xullo 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín,

Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# **Noé e Gato fan teatro**

Gloria Sánchez

Ilustracións de Uxía Pin

oqueleo



**Corre,  
Carmela,  
que chove!**



# Personaxes



NOÉ



CARMELA,  
muller de Noé



FILLO



CORVO



VOZ



CORVA



GARDA



OTOLINDO,  
axudante do garda



POMBA

VOCES VARIAS: *Greenpeace*, animais varios  
coas súas onomatopeas características...





## I ACTO

*(No medio do escenario está un velliño de barba e cabelos canos. Leva roupa de augas cinguida por un flotador, botas de goma e un paraugas negro. De fondo, unha paisaxe natural, con arboredo).*

9

VOZ *(unha voz grave, alta, atronadora)*.—

Noé!!!

NOÉ.— Aquí estou. Mande, señor...

VOZ.— Noé! Cando che dicía que te preparases para un gran diluvio non me refería a isto...

NOÉ.— Ai non? A min xa mo parecía. Xa me daba o corpo que este choio non era



así, pero a Carmela, teimuda: «mira que se vai chover a arroiar, anda con ollo que esta humidade é moi mala e ti con esa reuma. Pon a camiseta de felpa, o gabán, as botas de auga, que o frío que entra polos pés éche moi traizoeiro». A min xa mo parecía, pero ela, veña e dálle...

11

VOZ.— Tes que construír unha arca, Noé, para ti e a túa familia. Ademais...

NOÉ (*interrompéndoo*).— Teño unha barquiña na beira do río para ir á anguía. De familia moitos non somos; cuns arranxos de nada déixoa bonita coma un sol.

VOZ (*con enfado*).— Noé!!!

NOÉ.— Diga...!

VOZ.— Vanse abrir as comportas dos ceos e choverá arreo durante corenta días e corenta noites...

NOÉ.— Arre demo!

(*A Voz tose suaviño, aclara a gorxa. Noé entende a mensaxe e ponse en actitude de prestar atención*).

12 VOZ.— ... e todo vai quedar anegado polas augas. Ao que teñas feita unha nave ben cumprida —e non me andes con miserias que xa nos coñecemos de vello—, metes nela unha parella de bestas e bechos de cada especie, embarcas coa túa familia e agarda a que escampe e as augas tornen ao seu... Queda dito!

(*Óese un trono*).

NOÉ (*pechando o paraugas e asubiando*).— Fiuuuuuu! Pois si que se van poñer as cousas feas. Pero eu, son un mandado e onde hai patrón non manda mariñeiro (*sae*).

*(O paso de escenas, de non dispor de pano, faise cunha liña divisoria de paraugas abertos. Saen por ambos os lados do escenario nenos e nenas vestidos de negro con paraugas de cores. Ábrenos en dirección ao público en diferentes alturas facéndoos xirar. Detrás, ten lugar o cambio de decorado. Retíranse por onde entraron).*



## II ACTO

NARRADOR/A.— E Noé traballou arreo de sol a sol durante moitos días na construción da arca. Mentres, os seus fillos carrexaban provisións: palla, patacas, gra, auga... Oi, perdón, auga non; a auga nin amentala! Non ben deran os derradeiros retoques, o ceo encapotouse. Nubes mouras avanzaban levadas por un vento cálido que anunciaba unha violenta treboada... Os animalíños todos, coma se ventasen o cataclismo, fóronse encamiñando cara á grande barcaza. 15

*(Óese bruar de tronada).*

*(O decorado semella o interior dunha caba-  
na rudimentaria de madeira. Unha mesa, uns  
tallos. Obxectos varios pendurados na parede.  
Unha lámpada de carburo ou candeas).*

16 FILLO *(pasando as follas dun grande libro que  
ten aberto encol dunha mesa. Como pasando  
lista. A cada chamada, os animalíños res-  
ponden desde lonxe coa súa peculiar voz.  
Aos que non teñen voz, invéntaselles)*<sup>1</sup>.—  
Don Gato, dona Gata? *Miau! Miau!*  
Don Lobo, dona Loba? *Aúuuu! Aúuuu!*  
Don e dona Xirafa? *Truss! Truss!*  
Don Grilo e Dona Grilo? *Cri-cri! Cri-cri!*  
Don Galo, dona Galiña? *Quiquiriquí! Co-  
corocó!*

1 Foi despois do diluvio e debido a problemas da gorxa pola humidade, cando os animais calados quedaron sen voz ou con ela case imperceptible.



Ben, xa temos a todos acomodados, cada parella no lugar que ten asignado.

Papá! (*berra, mirando cara a un lateral do escenario*). Xa podes soltar amarras... Ai! Un momentinho..., espera! (*repasando o libro con detemento*). Faltan as pulgas e mais a parella de piollos!

17

CARMELA (*entrando. Raña a cabeza, incomodada*).— Os piollos xa hai tempo que embarcaron! Dos primeiriños!

NOÉ (*aparece rañándose por todo o corpo de maneira compulsiva con movementos moi esaxerados. Tal parece que sufrise do mal de san Vito*).— E as pulgas tamén están instaladas, tamén... (*rosmando*). Por min como se afogan. Mala chispa as coma! Para unha vez que podíamos librarnos destes molestos intrusos.

FILLO.— Papá, tamén son animalións dignos de respecto... A natureza non fai

distincións entre os seus fillos; ata a máis insignificante das criaturas cumpre a súa función dentro do ecosistema.

18 NOÉ.— Pois ben podías compartir (*meneándose cada vez máis*) o teu ecosistema con estas moinantas, quero dicir, que llas cedo con moitísimo gusto ao teu coiro. Grrrrrr!

NARRADOR/A.— E pasaron os corenta días coas súas respectivas noites e as chuvias cesaron. A barca era coma unha noz á deriva, onde non entraba nin a luz do día nin o luar da noite.

CARMELA.— Andamos mal de provisións, marido. Mira o que traio. Só este cestiño salvei dun saco enteiro de millo. Na miña vida vin vermes tan gordos, talmente coma lesmas.

NOÉ (*sentado, trenzando un adival*).— A falta de xoubas, ben han de dar para unha empanadiña.

CARMELA.— Os animalíños van protestar!

NOÉ.— Póñanse como se poñan, non penso convidalos. Ademais, a empanada non dá para todos.

CARMELA.— Non, Noé, non me entendiches; é que non queren comer o gran, todo inzado de bechocos.

19

NOÉ.— Non sei por que, digo eu que así terá máis substancia. Á fin de contas son proteínas.

CARMELA.— Ai, cando parará esta randeeira! Ai, cando regresaremos á nosa casiña! Ai, o que eu daría por pisar a herba dos campos e os croios dos camiños! E estas criaturas, coitadas, coa tristura do cativeiro anegándolles os ollos. Como imos saber se baixan as augas, se en algures hai terra seca?

(*Entra o corvo. Óese unha mestura de sons de animais varios: ruxidos, cacarexos, berros, chíos...*).

NOÉ.— A resposta acaba de entrar... (*érguese*).

20 CARMELA.— Vaia, estanme a reclamar! Aínda queda por atender a metade da bicharía. Vou alá, pois... (*sae*).

NOÉ.— Chegas que nin caído do ceo...

CORVO.— Si, ho!, agora que escampou só faltaba que se puxera tamén a chover paxaros.

NOÉ.— Quero dicir que te traía no pensamento. Teño unha encomenda para ti. Verás..., preciso que fagas unha prospección panorámica desde o aire, ou sexa, unha carta naval, dos puntos idóneos para o ataque e amarre da nao, coas inflexións do líquido elemento en derredor dos devanditos puntos en cuestión...

